

ADDENDA as NOF

Procedemento para a solicitude de copias dos exames.

O dereito das familias ou representantes legais do alumnado a obter unha copia das probas dos seus fillos e fillas recóllese nas ordes

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

Nos artigos 37 e 38 de ditas Ordes:

Artigo 37. Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva

1.- Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros docentes concretarán nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia:

a) Os procedementos para facer públicas a concreción curricular e as programacións didácticas.

b) O procedemento mediante o cal o alumnado, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais poderán solicitar aclaracións, á persoa titora e ao profesorado, acerca das informacións e valoracións que reciban sobre o seu proceso de aprendizaxe, e sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. **Neste procedemento tamén se incluírá a forma de acceso e, de ser o caso, a obtención de copia dos instrumentos de avaliación aplicados.**

c) O procedemento de revisión de cualificacións finais das materias e os ámbitos e da decisión de promoción ou de titulación do alumnado.

2. As direccións dos centros responsabilizaranse de que a información a que se refire o número 1 sexa accesible e se lle dea publicidade para toda a comunidade educativa.

Artigo 38. Solicitude de revisión no centro

1. O alumnado ou, de ser o caso, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais, que non estean de acordo coas cualificacións ou decisións adoptadas na avaliación final poderán solicitar cantas aclaracións consideren precisas á persoa titora e ao profesorado, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.

2. No caso de que persista o desacordo, a alumna ou o alumno, ou a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

3. As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente de revisión, que se lle remitirán, preferentemente, en formato dixital.

4. Nos centros privados, as solicitudes de revisión tramitaranas os órganos e na forma que determinen as súas normas de funcionamento, e será de aplicación supletoria a presente orde en todo o non regulado nas devanditas normas para os centros concertados, sen prexuízo de que os prazos se deberán axustar ao disposto na presente orde.

Para iniciar a solicitude dunha copia dos exames ou probas da avaliación, seguiranse as seguintes instrucións.

1.- É recomendable entrevistarse previamente co docente da materia antes da realización da solicitude, o docente informarao dos erros cometidos, criterios de cualificación, etc.

2.- A secretaría do centro dispón do modelo de solicitude (ou descarga na web do centro). O pai, nai ou titor legal, ou o alumno se é maior de idade, cumprimentarao e firmarao.

3.- Presentarase a solicitude de cada materia na secretaría do centro.

4.- O xefe de estudos daralle ao docente un prazo de catro días lectivos, a contar dende o seguinte á solicitude, para entregar as copias na xefatura de estudos.

No caso de que o docente por motivos xustificados non poida entregar as copias farao o xefe de departamento e na súa ausencia a xefatura de estudos.

5- As copias poderanse recoller na secretaría do centro a partir do sexto día lectivo de entrega da solicitude.

Estas copias só poden ser recollidas polo fírmante da solicitude, ou a persoa autorizada polo escrito.

Non se poderán facilitar as copias a terceiras persoas, non debendo saír do ámbito do fogar de quen as soliciten.

A autoría intelectual das probas é do profesorado que as deseñou, co cal, non se deberán facer outras copias, nin fotografías, nin compartilas por ningún medio dixital, nin subilas a ningunha plataforma dixital ou Rede social. Ca firma da solicitude e a recepción das probas, o asinante acepta este punto do regulamento.

Ferrol, 10 de outubro de 2024

Asdo: Jesús M^a Máiz San Martín
Director IES Concepción Arenal